



Peixe sapo

XUNTA DE GALICIA



Colección: **A Vida no mar salgado**

Idea e texto: **Fina Mosquera Roel**

Ilustracións: **Ana Sánchez Moreno**

Fotografía: **Miguel Sánchez Ortiz**

Edita:

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

D. X. de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro.

ISBN: 84-453-3358-5

Depósito legal: C-1723-2002

Imprime: Gráficas Sementeira





Peixe sapo

Nome científico: *Lophius budegassa*.

Castelán: Rape

Éuscaro: Zapo Zuria

Catalán: Rap

Inglés: Black Bellied Angler

Francés: Braudroie

Eu son un peixe sapo.

O meu corpo é aplanado. Teño a boca enorme e chea de dentes afiados. Non teño escamas e a miña cor é parda ou verdosa con manchas escuras.

O máis curioso do meu corpo son as aletas dorsais. A primeira ten os raios soltos e un deles funciona como unha cana de pescar.



Este peixe sapo vive nun acuario.
Non somos da mesma especie, pero temos moitas
semellanzas.

Vivo en zonas fondas, desde os cincuenta ata os cincocentos metros, non moi lonxe da costa.

Son solitario e moi agresivo.

Paso o tempo deitado nos fondos mariños, pescando.

Aliméntome de peixes, crustáceos e moluscos.

Co meu filamento pescador engano as presas. Como pensan que é un peixe pequeno, tentan comelo e nese momento abro a boca e cómoas.




Velaquí un peixe sapo pescando.
Está un pouco enterrado e a súa cor é semellante á do
fondo. Así pasa desapercibido.

Tódolos animais precisamos osíxeno para vivir.

Nós collémo-lo osíxeno da auga a través das branquias. As branquias están situadas a ámbolos lados da cabeza, debaixo do opérculo que lles serve de tapa.

Nas branquias, o osíxeno pasa da auga ó sangue, que o vai repartindo por todo o noso corpo.



Filamento branquial dun peixe sapo.

A reproducción ten lugar entre os meses de marzo e xullo.

A femia pode poñer máis dun millón de ovos nun ano, e tódolos ovos fecundados permanecen unidos nunha envoltura xelatinosa duns nove metros de longo que flota estendida no mar.



Ovos de peixe sapo.
De cada ovo sae unha larva duns catro centímetros.



Os humanos captúranos con redes de arrastre e tamén con trasmallos, palangres e rascos.

As redes de arrastre forman unha especie de bolsa moi grande cunha abertura para que entren os peixes. Para que nos poidan pescar, temos que medir alomenos trinta centímetros. É o tamaño mínimo legal.



Somos moi apreciados cocidos cunha allada, en caldeirada ou en salpicón. Para mercarnos cómpre saber distinguirnos das xulianas. Por fóra somos moi semellantes, pero o peritoneo da xuliana é branco e o noso é negro. En todo caso, basta con ler ben a etiqueta.

Algún animal semellante:



Escarapote.



Glosario

Peritoneo: Membrana que recobre os intestinos.

Opérculo: Tapadeira das brânquias dos peixes.

Moluscos: Invertebrados moi brandos que ás veces protexen o seu corpo con cunchas.



Outros títulos da colección

Polbo
Rodaballo
Ourizo
Xurelo
Mexillón
Peixe Sapo
Centola
Camarón
Percebe



Mexillón

Brais
Carme
Antón
Ana



Camarón

Na rede estamos en: pescagalicia.com



CONSELLERÍA DE PESCA E
ASUNTOS MARÍTIMOS